

Ordenanza fiscal nº 8 – Taxa por animais potencialmente perigosos

Artigo 1.- Feito Impoñible

O feito impoñible da Taxa está constituído pola actividade municipal conducente á expedición de licenza, renovación, modificacións e cancelacións con motivo da inscrición no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.

Quedan excluídos da obriga de obtención de licenza municipal aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo supervisión directa da ONCE e sexan destinados á guía de persoas invidentes.

Artigo 2.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, que sexan propietarios dos animais que dean lugar ao feito impoñible.

En particular serán suxeitos pasivos os titulares dos establecementos ou asociacións que alberguen animais potencialmente perigosos e se dediquen á súa explotación, cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centros de recollida, residencias, centros recreativos e establecementos de venda.

Artigo 3.- Cota tributaria¹

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coas seguintes tarifas:

Licenza de animais potencialmente perigosos	13,00 €
Renovación licenzas	13,00 €
Inscrición rexistro A.P.P.	13,00 €
Inscrición voluntaria animais de compañía	13,00 €
Modificacións rexistrais	2,50 €

Artigo 4.- Devengo

Devengase a taxa cando se inicie a actuación ou expediente. No caso de solicitude expresa, entenderase iniciada a actuación ou expediente no momento da súa presentación.

Artigo 5.- Xestión

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. No momento da presentación da solicitude, o suxeito pasivo deberá acreditar o pagamento da autoliquidación.

No caso de non existencia de solicitude expresa, a administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional.

Disposición final

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 24/09/2002. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 24/09/2002. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 25/09/2007, 30/09/2008, 28/09/2010. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 29/09/2011. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

¹ Artigo modificado mediante acordo plenario de 29 de setembro de 2011. Publicado no BOP num 229, de 01/12/2011